

Do planalto ás terras baixas: novas achegas á ocupación da península do Barbanza dende a Prehistoria ata o Medioevo

From the sierra to the lowlands: new data on the settlement of the Barbanza Peninsula from Prehistoric to Medieval times

<http://dx.doi.org/10.15304/gall.37.5131>

Víctor José Barbeito Pose

Centro Arqueolóxico do Barbanza
victorbarbeito@gmail.com

Ramón Fábregas Valcarce

Universidade de Santiago de Compostela
ramon.fabregas@usc.es

Carlos Rodríguez Rellán

Universidade de Santiago de Compostela
crrellan@gmail.com

Alfonso Fariña Costa

Instituto de Estudos do Territorio, Xunta de Galicia
afarinacosta@gmail.com

Alexandre Paz Camaño

Arqueólogo. Profesional independente
betilo.arq@gmail.com

M^a de los Ángeles López Taboada

Arqueóloga. Profesional independente
lanekey@gmail.com

Ana María Suárez Piñeiro

Universidade de Santiago de Compostela
ana.suarez.pineiro@usc.es

Juan Manuel Abascal Palazón

Universidad de Alicante
juan.abascal@ua.es

Gonzalo Francisco Fernández Suárez

Universidade de Santiago de Compostela
gonzalofrancisco.fernandez@usc.es

Gregorio Casado González

Documentalista. Profesional independente
goyovigo@gmail.com

Alia Vázquez Martínez

Universidade de Santiago de Compostela
alia249@gmail.com

María Vanesa Mariño Calvo

Universidade de Santiago de Compostela
vanesinhamarinho@gmail.com

Resumo

Procédese á revisión dos traballos previos de prospección na serra do Barbanza, agora ampliados aos montes de Macenda e Bealo na procura de asentamentos gandeiros/pastorís. No curso deses traballos localizáronse, ademais, un interesante xacemento de cronoloxía calcolítica e un castro inédito. Asemade, dáse conta dos resultados das intervencións en dous xacementos: un de carácter gandeiro, que presenta un palimpsesto estrutural e cronolóxico (Río Barbanza); e outro, relacionado co sistemas de control territorial (Outeiro da Torre).

Palabras chave: Serra do Barbanza; Bronce Final; Altomedieval; Calcolítico; explotacións gandeiro-pastorís; cabanas; currais; ara; prospección; control territorial; arquitectura medieval; palimpsesto.

Abstract

We review the survey works carried through in the district of Barbanza, now extended to the parishes of Macenda and Bealo in search of livestock / pastoral settlements. In the course of these explorations a Copper Age site was discovered and, nearby, a previously unknown hillfort. An account is given of the results of the digging in two sites; one related to husbandry tasks, that presents a structural and chronological palimpsest (Rio Barbanza); and another more, related to territorial control systems (Outeiro da Torre).

Keywords: Serra do Barbanza; Late Bronze Age; Early Medieval; Copper Age; cattle-raising exploitations; huts; cattle enclosures; ara; survey; territorial control; medieval architecture; palimpsest.

No marco do proxecto *Ocupación de las zonas altas del Noroeste Peninsular a lo largo de la historia: la Sierra del Barbanza (A Coruña)* financiado polo *Ministerio de Economía y Competitividad* (HAR2015-67435-P), veñen desenvolvéndose unha serie de actuacións arqueolóxicas que pretenden, entre outras, contribuír ao avance do coñecemento científico sobre os modos de ocupación e explotación da Serra da Barbanza, ao longo de un período de tempo comprendido dende o Neolítico ata a Idade Media.

Dende unha perspectiva arqueolóxica, nos interesa realizar unha análise diacrónica da ocupación humana da Serra do Barbanza, centrada fundamentalmente na esfera doméstica, ámbito sistematicamente ignorado en anteriores investigacións, provocando un descoñecemento practicamente absoluto sobre as características do poboamento na área de estudo; e, trasladando unha visión que tende a considerar as terras altas coma zonas practicamente ermas durante boa parte da Historia.

Neste traballo presentamos os resultados finais da prospección arqueolóxica e de dúas intervencións arqueolóxicas, executadas nos xacementos de Río Barbanza e Outeiro da Torre; complementando os datos obtidos con aqueles procedentes do estudo da documentación histórica sobre a explotación gandeira na serra do Barbanza.

1. PROSPECCIÓN ARQUEOLÓXICA

Dende o ano 2013¹ ata o 2017, fóronse realizando diversas prospeccións na Serra do Barbanza, orientadas fundamentalmente á identificación dun conxunto de estruturas caracterizados por estar construídas coa técnica da pedra seca; e, aparentemente cunha clara orientación gandeira e/ou pastoril que denominamos como **grupos** ou **agregados** (BARBEITO *et al.*, 2015), sen desatender aqueles outros ítems patrimoniais inéditos, que se localizasen no transcurso dos traballos de prospección.



Ilustración 1. Cortes de Chacín (Agregado 10).

1 Coincidindo cos proxectos denominados: *FASE III. Mantemento da ruta das mámoas. Boiro (A Coruña)*, ED 102A 2012/486-0; *FASE IV. Mantemento da ruta das mámoas. Boiro (A Coruña)*, ED 102A 2014/137-0.

As prospeccións foron temáticas e graduadas²; temáticas por estar claramente orientadas á localización dun tipo moi concreto de evidencias e, graduadas, polas características da zona, do formulación e dos propios recursos dispoñibles.

En xeral, as prospeccións presentan unha serie de limitacións que xa foron tratadas de forma ampla e recorrente por distintos autores, e nós mesmos temos incidido nalgúns delas en traballos anteriores (BARBEITO *et al.*, 2015: 131); non obstante, é preciso mencionar aquelas máis transcendentales como son: a pericia do propio equipo de prospectores; a existencia de vexetación que cobre grandes áreas e fai imposible acceder a determinados espazos; a propia natureza das evidencias, en ocasións tan alteradas que fan dudar da súa orixe antrópica; o carácter inédito deste tipo de rexistro arqueolóxico; ou mesmo, o propio paradigma teórico do que participan os autores. A estas limitacións que podemos considerar propias do rexistro arqueolóxico, hai que engadirlle a imposibilidade de atribuírle microtopónimos ás zonas en estudo, fundamentalmente na zona alta da Serra.

A prospección arqueolóxica centrouse en dúas grandes áreas; unha delas, correspóndese coa plataforma por riba dos 400 m da Serra do Barbanza, que xa fora obxecto de prospeccións máis limitadas en fases de traballo anteriores; pero agora, se estendeu a toda a superficie (4784,8 hectáreas). A outra área seleccionada, correspóndese con parte dos montes das parroquias de San Pedro de Bealo e Santo Xoán de Macenda, que se atopan en cotas inferiores aos 400 m de altitude, e cunha superficie de 570,9 hectáreas. A prospección en zonas máis baixas tiña coma obxectivo testar a existencia dos novidosos xacementos arqueolóxicos localizados no planalto serrán.




Ilustración 2. Áreas de estudo: Serra do Barbanza con altitudes superiores aos 400 m (en vermello); montes pertencentes ás parroquias de San Pedro de Bealo e San Xoán de Macenda Cures (en azul).

2 A gradación da prospección foi de cobertura total, intensiva ou extensiva dirixida segundo os criterios fixados no proxecto de intervención arqueolóxica autorizado o 8.06.2015 pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, ED 102A 2015/211-0.

Actualmente, os montes de Macenda e Bealo están dedicados á produción forestal, pero a mediados do século pasado foron sometidos en puntos concretos a unha intensa explotación mineira (estaño). Hoxe, presentan unhas características singulares, como son a extensión de grandes sectores de terreo cuxa única dedicación é a forestal; ademais, da existencia dun pequeno número de enclaves rurais, que salpican levemente o contorno destes montes. Asemade, existe algún topónimo na cartografía actual, que denota a existencia de explotación gandeira ou pastoril, como é, por exemplo: a Costa das Cabras, mentras que algún outro, como Bouza, Mina ou Barreira, evidencian o aproveitamento ou explotación doutro tipo de recursos. Estas zonas caracterízanse por amosar grandes desniveis de terreo, cun substrato xeolóxico granítico no que afloran milleiros de penedos, creando unha paisaxe peculiar que, *a priori*, ten escaso interese agrícola, e resulta aparentemente marxinais. A todo iso, hai que engadirlle, que se trata dun área sometida a continuos lumes forestais, pouco accesible por causa das pendentes, da multitude de penedos e pola mesta vexetación que cubre amplas zonas. A escasa idoneidade para a produción agrícola e a existencia de topónimos que falan de actividade pastoril, así como a relativa distancia ás actuais aldeas, consideráronse indicadores da posibilidade de detección de comportamentos análogos aos xa identificados nas terras altas.

Paralelamente, revisáronse aqueles elementos xa censados en fases precedentes, non tanto no aspecto descritivo dos xacementos, senón na súa propia configuración: estes se caracterizan pola agregación de distintas construcións (cercados, currais, cabanas, chozos, muros, ...) feitas en pedra seca, cunha coherencia de estilos, formas, tipoloxías, aparencias e deseños construtivos singulares; emprazándose, fundamentalmente, ao carón de cursos de auga. En ocasións, se atopan unhas relativamente preto das outras; e, se ben inicialmente procuramos individualizalas, resulta francamente difícil establecer os límites nalgúns casos de dúas agregacións dadas, polo que finalmente, aquelas que estaban relativamente próximas (p.e. no Río San Xoán ou Folgoso Vello) definíronse como unha soa. Estes xacementos teñen un marcado carácter espacial e diacrónico, xa que semella que son zonas de ocupación e reocupación continua ou secuencial ao longo do tempo; integrados por múltiples estruturas que seguramente experimentaron modificacións continuas, non necesariamente usadas todas ao mesmo tempo, ou coa mesma intensidade. Deste xeito rachan cunha visión tradicional dos xacementos como unidades discretas espacialmente e concretas cronoloxicamente; discretas porque resulta relativamente sinxelo poder distinguilos (un túmulo, un castro, ...) e concretas porque, a pesar das distintas fases de ocupación que poidan presentar, a tipoloxía permite encadralas nunha determinada adscripción cultural e cronolóxica (idade do Ferro, período romano, medieval, ...).

1.1. Serra do Barbanza

Na Serra do Barbanza identificáronse un total de 42 agregados que se distribúen entre os 350 e os 617 m de altitude; 17 deles no termo municipal de Pobra do Caramiñal, 16 en Boiro, 6 en Porto do Son, 2 en Ribeira e 1 en Lousame.

RELACIÓN DE AGREGADOS / GRUPOS NA SERRA DO BARBANZA							
DENOMINACIÓN DO XACEMENTO		Adscripción cultural	XEOLocalización			Concello	Parroquia
REASIGNACIÓN	Nome do Xacemento		X	y	Altitude		
AGREGADO 01	Porto Traveso	Medieval	504622	4726844	524	Boiro	Santo André de Cures
AGREGADO 02	Río Barbanza II	Indeterminado	504683	4726223	511	Boiro	Santo André de Cures
AGREGADO 03	Barazal I	Indeterminado	504627	4725457	501	Boiro	Santo André de Cures
AGREGADO 04	Outeiros Hinchados	Indeterminado	504613	4725003	494	Boiro	Santo André de Cures
AGREGADO 05	Outeiros Hinchados II	Medieval	504500	4724618	490	Boiro	Santo André de Cures
AGREGADO 06	Río Barbanza	Idade do Bronce/ Idade do Ferro / Romano/ Medieval	504632	4723653	483	Boiro	Santo Santiago de Lampón
AGREGADO 07	A Trema (Tras la Lomba)	Indeterminado	504413	4723524	487	Boiro	Santa Cruz de Lesón
AGREGADO 08	Cabanas	Indeterminado	504193	4722282	482	Pobra do Caramiñal	Santo Isidro de Postmarcos
AGREGADO 09	Cabanas II	Indeterminado	504314	4722235	458	Pobra do Caramiñal	Santo Isidro de Postmarcos
AGREGADO 10	Cortes de Chacín I	Indeterminado	502975	4722507	499	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
AGREGADO 11	Ponte Río Santo Xoán	Indeterminado	502768	4721830	481	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
AGREGADO 12	Rego das Bestas	Indeterminado	503210	4722698	519	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
AGREGADO 13	Cortes de Chacín II	Indeterminado	502906	4722087	487	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
AGREGADO 14	Rego Batán I	Indeterminado	505261	4723827	479	Boiro	Santo Santiago de Lampón
AGREGADO 15	Rego Batán II	Indeterminado	505556	4723762	437	Boiro	Santo Santiago de Lampón
AGREGADO 16	Folgozo Vello I	Idade do Ferro	502322	4720608	506	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
AGREGADO 17	Rego das Lobeiras I	Indeterminado	502480	4720144	493	Ribeira	Santo Martiño de Oleiros
AGREGADO 18	A Lomba	Indeterminado	504171	4723433	516	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
AGREGADO 19	Rego das Lobeiras III	Indeterminado	502738	4720047	479	Ribeira	Santo Martiño de Oleiros
AGREGADO 20	Barazal II	Indeterminado	503885	4725778	554	Boiro	Santo André de Cures
AGREGADO 21	Campo dos Cortellos	Indeterminado	506693	4725678	453	Boiro	Santo André de Cures
AGREGADO 22	Agro de Xamiñón	Indeterminado	505326	4728525	524	Porto do Son	Santa María de Nebra
AGREGADO 23	Petón de Curromil	Indeterminado	504611	4721601	458	Pobra do Caramiñal	Santo Isidro de Postmarcos
AGREGADO 24	Penas de Calo I	Indeterminado	504409	4728370	591	Porto do Son	Santa María de Nebra
AGREGADO 25	Lugar habitacional de Rego de San Xoán Outeiro do Raposo	Indeterminado	502910	4720646	492	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
AGREGADO 26	Lagoa das Lombas	Indeterminado	503752	4723515	553	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
AGREGADO 27	Río San Xoán	Indeterminado	503022	4721291	456	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
AGREGADO 28	Marcelei	Indeterminado	505757	4724813	535	Boiro	Santo André de Cures
AGREGADO 29	Os Cortiñons I	Indeterminado	502525	4722747	474	Porto do Son	San Fins de Ribasieira
AGREGADO 30	Os Cortiñons II	Indeterminado	502234	4723123	428	Porto do Son	San Fins de Ribasieira

AGREGADO 31	Casais de Ramiro	Indeterminado	502354	4721653	499	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
AGREGADO 32	A Portela	Indeterminado	504385	4723213	487	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
AGREGADO 33	Rego da Portela	Indeterminado	505054	4723221	507	Boiro	Santiago de Lampón
AGREGADO 34	Vitres	Indeterminado	506221	4724090	455	Boiro	Santo André de Cures / Santa Baia de Boiro
AGREGADO 35	Castelo	Indeterminado	507674	4729347	559	Boiro	Santo André de Cures
AGREGADO 36	Alto das Casiñas /Castroellos	Indeterminado	503045	4718902	459	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
AGREGADO 37	Carbaloso	Indeterminado	507298	4730839	617	Lousame	San Xoán de Camboño
AGREGADO 38	Ladeira de Curisco	Indeterminado	506098	4731107	567	Porto do Son	San Sadurniño de Goíans
AGREGADO 39	Rego do Salgueiro	Indeterminado	504715	4721740	451	Pobra do Caramiñal	San Isidro de Postmarcos
AGREGADO 40	Vitres 2	Indeterminado	506637	4723993	356	Boiro	Santa Baia de Boiro
AGREGADO 41	Petón de Curromil II	Indeterminado	504586	4721730	479	Pobra do Caramiñal	Santo Isidro de Postmarcos
AGREGADO 42	Alto do Agro de Xamiñón	Indeterminado	505015	4728279	573	Porto do Son	Santa María de Nebra

- 1 - Porto Traveso
- 2 - Rio Barbanza II
- 3 - Barazal I
- 4 - Outeiros Hinchados
- 5 - Outeiros Hinchados II
- 6 - Rio Barbanza
- 7 - A Trema (Tras la Lomba)
- 8 - Cabanas
- 9 - Cabanas II
- 10 - Cortes de Chacín I
- 11 - Ponsa Rio Santo Xoán
- 12 - Rego das Bestas
- 13 - Cortes de Chacín II
- 14 - Rego Balán I
- 15 - Rego Balán II
- 16 - Folgado Vello I
- 17 - Rego das Lobeiras I
- 18 - A Lomba
- 19 - Rego das Lobeiras III
- 20 - Barazal II
- 21 - Campo dos Cortellos
- 22 - Agro de Xamiñón
- 23 - Petón de Curromil
- 24 - Penas de Calo I
- 25 - Lug. Habitac. de Rego de San Xoán-Outeiro do Raposo
- 26 - Lagoa das Lombas
- 27 - Rio San Xoán
- 28 - Marcelín
- 29 - Os Cortiflons I
- 30 - Os Cortiflons II
- 31 - Casais de Ramiro
- 32 - A Portela
- 33 - Rego da Portela
- 34 - Vitres
- 35 - Castelo
- 36 - Alto das Casiñas /Castroellos
- 37 - Carbaloso
- 38 - Ladeira de Curisco
- 39 - Rego do Salgueiro
- 40 - Vitres 2
- 41 - Petón de Curromil II
- 42 - Alto do Agro de Xamiñón



Ilustración 3. Localización dos agregados na Serra do Barbanza.

Ademais dos agregados foron identificados outros 23 xacementos e 3 achados de distinta adscripción tipolóxica e cultural³; alén de 6 zonas con indicios arqueolóxicos.

3 Os resultados que presentamos son a actualización e posta ao día do conxunto de prospeccións levadas a cabo. A localización dos xacementos: Eiteiro da Avea e Penedo dos Curros xunto co agregado de Casais de Ramiro foi grazas a Miguel Anxo Conde Teira; o Petróglifo de Outeiro Follado, grazas a Xan Guitián; Petróglifo de Estación Decca, a Jorge Guitián Castromil; Outeiro do Raio, a Juan Antonio Dieste Meis e Moncho “de Pouso”; Petróglifo de Casamea, a un traballador da Deputación Provincial da Coruña, do que descoñecemos o seu nome. Ademais diso, nas prospeccións participaron numerosos compañeiros, como: Alexandre Paz Camaño, Xaquín España Fernández, Xermán Darriba Barba, J. A. Chaves Mosquera. E, merecen especial mención, Jesús Dieste Buceta e Pepe Moure Muñiz, grandes coñecedores da Serra, e aos que lle somos debedores de moita da información, da compañía e da colaboración desinteresada, que nos veñen ofrecendo dende fai máis dun lustro.

RELACIÓN DE NOVOS XACEMENTOS NA SERRA DO BARBANZA

Nome do Xacemento	Tipoloxía	Adscrición cultural	XEOLXALIZACIÓN			Concello	Parroquia
			X	Y	Altitude		
Petróglifo de Casamea	Gravado ao ar libre	Idade do Bronce	507576	4729739	592	Boiro	Santo André de Cures
Abrigo Monte Castelo	Abrigo	Indeterminado	503481	4721913	584	Pobra do Caramiñal	San Isidro de Postmarcos
Eiteiro da Avea	Gravado ao ar libre	Medieval / Moderno	502099	4722324	509	Porto do Son	Santa Mariña de Xuño
Penedo dos Curros ou da Cruz	Gravado ao ar libre	Medieval / Moderno	502267	4718437	325	Porto do Son	San Vicente de Noal
Pedra do Outeiro Follado	Gravado ao ar libre	Idade do Bronce	502701	4726825	507	Porto do Son	San Vicente de Noal
Abrigo Alto do Rego das Brañas	Abrigo	Indeterminado	503602	4722228	549	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
Abrigo camiño de Pérdigo Pérez	Abrigo	Indeterminado	504517	4727818	569	Boiro	Santo André de Cures
Abrigo 2 de Pedra da Xesta	Abrigo	Indeterminado	505501	4727345	558	Boiro	Santo André de Cures
Podomorfo de Pérdigo Pérez	Gravado ao ar libre	Indeterminado	504497	4727466	559	Boiro	Santo André de Cures
Petróglifo Estación Decca	Gravado ao ar libre	Idade do Bronce	506409	4728734	623	Boiro	Santo André de Cures
Abrigo Curotiña	Abrigo	Indeterminado	502558	4718517	378	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
Galería mineira Rego da Portela	Explotación de recursos primarios	Contemporánea	505600	4722904	345	Boiro	Santiago de Lampón
Abrigo do Petón do Curral	Abrigo	Indeterminado	504887	4721479	447	Pobra do Caramiñal	San Isidro de Postmarcos
Petróglifo de Luyila	Gravado ao ar libre	Medieval / Moderno	504509	4724658	490	Boiro	Santo André de Cures
Outeiro da Torre 2	Abrigo	Indeterminado	506552	4725363	550	Boiro	Santo André de Cures
Petróglifo das Cortes de Chacín	Gravado ao ar libre	Indeterminado	502961	4722485	499	Pobra do Caramiñal	Santa Cruz de Lesón
Outeiro do Raio	Abrigo	Contemporánea	505437	4724410	537	Boiro	Santo André de Cures
Abrigo de Canle da Porteliña	Abrigo	Indeterminado	506153	4724955	566	Boiro	Santo André de Cures
Alto do Canle da Porteliña / Outeiro da Torre I	Outros (atalaia)	Medieval / Moderno	506404	4725148	582	Boiro	Santo André de Cures
Chan da Carballosa / Rego Batán III	Explotación de recursos primarios	Contemporánea	505313	4723779	476	Boiro	Santiago de Lampón
Abrigo de Pedra da Xesta	Abrigo	Indeterminado	505366	4727460	560	Boiro	Santo André de Cures
Abrigo de Brañas de Leis	Abrigo	Indeterminado	506182	4725709	556	Boiro	Santo André de Cures
Abrigo de Campo dos Cortellos	Abrigo	Indeterminado	506748	4725399	485	Boiro	Santo André de Cures

Destes novos xacementos destacan 12 abrigos, aos que lles atribuímos unha adscrición cultural indeterminada. Durante os últimos anos intervimos en dous deles: o Abrigo de Canle da Porteliña⁴, no que a pesar de contar cunhas lousas chantadas que pechan o abrigo, non se recuperou ningún resto de cultura material que aporte luz sobre a súa cronoloxía; e o outro, o Abrigo de Pedra da Xesta⁵, que tamén amosaba evidencias de

4 Unha sondaxe de 1,5 x 1 m no ano 2014.

5 Unha sondaxe de 5 x 7 m no ano 2014.

acondicionamento, pero durante a intervención confirmouse que a secuencia estratigráfica estaba moi alterada; se ben, foron recuperados restos materiais como unha chatola, de características semellantes ás recuperadas en Río Barbanza; algúns anacos de cerámicas medievais, semellantes ás recollidas en Porto Traveso ou Río Barbanza e máis unha pseudo-forma dun machado puído. A isto, hai que engadirlle un núcleo discoidal con varias extraccións, atopado a escasos metros do Abrigo de Chan de Leis, un artefacto que sería indicativo de momentos posiblemente pre-neolíticos. Todos os abrigos presentan labores claros de acondicionamento; algúns, incluso malia da súa escasa habitabilidade, como é o Abrigo do Camiño de Pérdigo Pérez, contan con paramentos e derrubes, que son indicios suficientes para consideralos como espazos usados nun momento impreciso agás o abrigo de Outeiro do Raio, que posiblemente afunda as súas raíces no primeiro terzo do século XX.

O conxunto de gravados está formado por 8 novas estacións; tres delas, concretamente os petróglifos de Casamea, Estación Decca e Outeiro Follado, forman parte da denominada arte rupestre galaica (elementos xeométricos e zoomorfos); outro, o Petróglifo das Cortes de Chacín, amosa unicamente coviñas; e, os catro restantes, están compostos por cruces, alfabetiformes e algunha que outra coviña illada. Algúns deles atópanse moi próximos ao actual límite entre termos municipais (Eiteiro da Avea e Penedos dos Curros ou da Cruz); e, tanto polas súas características como polos motivos gravados, consideramos que se corresponden con antigos deslindes.

- 1 - Petróglifo de Casamea
- 2 - Abrigo Monte Castelo
- 3 - Eiteiro da Avea
- 4 - Penedo dos Curros ou da Cruz
- 5 - Pedra do Outeiro Follado
- 6 - Abrigo Alto do Rego das Brañas
- 7 - Abrigo camiño de Pérdigo Pérez
- 8 - Abrigo 2 de Pedra da Xesta
- 9 - Podomorfo de Pérdigo Pérez
- 10 - Petróglifo Estación Decca
- 11 - Abrigo Curotina
- 12 - Galería mineira Rego da Portela
- 13 - Abrigo do Petón do Curral
- 14 - Petróglifo de Luyila
- 15 - Outeiro da Torre 2
- 16 - Abrigo de Pedra da Xesta
- 17 - Petróglifo das Cortes de Chacín
- 18 - Outeiro do Raio
- 19 - Abrigo de Canle da Porteliña
- 20 - Alto do Canle da Porteliña / Outeiro da Torre I
- 21 - Chan da Carballosa / Rego Batán III (minería)
- 22 - Abrigo de Brañas de Leis
- 23 - Abrigo de Campo dos Cortellos




Ilustración 4. Localización de novos xacementos arqueolóxicos na Serra do Barbanza.



Ilustracións 5 e 6. Abrigo de Pedra da Xesta onde se aprecia á esquerda un muro de acondicionamento (fotografía de Xulio Gutiérrez Roger, década de 1990) e abrigo de Canle da Porteliña onde se distinguen lousas a modo de peche da viseira granítica.




Ilustración 7. Localización dos gravados de Penedo da Cruz e Eiteiro da Avea respecto dos límites municipais e parroquiais actuais.

Chan da Carballosa ou Rego Batán III, xunto coa galería mineira de Rego da Portela son dous lugares onde se realizaron intensas actividades mineiras; un deles, a ceo aberto, e no que aínda se aprecian restos de construcións (almacéns, presas,); e o outro, subterráneo. Foron explotados na primeira metade do século XX aínda que, no caso de Chan da Carballosa, poida existir un aproveitamento máis antigo.




Ilustración 8. Desmontes mineiros de Chan da Carballosa.

As zonas con *indicios arqueolóxicos* son aquelas onde as evidencias non teñen a suficiente entidade como para defender con seguridade a existencia dun xacemento; entre elas, figuran tres posibles agregados (Barazal III, Pérdigo Pérez e Rego das Lobeiras IV).



Ilustración 9. Barazal III.

1.2. Montes de Macenda e Bealo

A prospección nos montes de Macenda e Bealo foi especialmente frutífera ao rexistrarse un total de 31 novos xacementos⁶: 12 túmulos, 9 agregados, 6 gravados, 1 dispersión cerámica, 1 castro, 1 asentamento ao ar libre e 1 indeterminado.

- 1 - Penedo Redondo
- 2 - Achados cerámicos en Outero das Porras
- 3 - Penedo do Demo
- 4 - Mámoa do Confurco 2
- 5 - Mámoa do Confurco 3
- 6 - Mámoa do Confurco 4
- 7 - Macenda 1 / Costa das Cabras
- 8 - Macenda 2 / Costa das Cabras 2
- 9 - Macenda 3 / Costa das Cabras 3
- 10 - Macenda 4 / Costa das Cabras 4
- 11 - Macenda 5 / Derriba da Igrexa
- 12 - Coto do Espiño
- 13 - Chan do Cerqueiro
- 14 - Casas de Pa
- 15 - Rego Orrial
- 16 - Bouza
- 17 - Mámoas Monte das Porras 3
- 18 - Mámoas Monte das Porras 2
- 19 - Mámoa Monte Peón
- 20 - Canle do Raposiño
- 21 - Mámoas Monte das Porras 1
- 22 - Mámoa do Monte de San Ramón / Pedra Furada 1
- 23 - Mámoa do Monte de San Ramón / Pedra Furada 2
- 24 - Mámoa do Monte de San Ramón / Pedra Furada 3
- 25 - Mámoa do Monte de San Ramón / Pedra Furada 4
- 26 - Mámoa do Monte de San Ramón / Pedra Furada 5
- 27 - Tremo
- 28 - Gatiñeira
- 29 - Petróglifo de Coto do Espiño 3
- 30 - Petróglifo de Coto do Espiño 2
- 31 - Petróglifo de Coto do Espiño 1

- Achado
- Agregado
- Asentamento ao ar libre
- Castro
- Gravado ao ar libre
- Indeterminado
- Túmulo

500 250 0 500
 Metros




Ilustración 10. Localización de novos xacementos nos montes de Macenda e Bealo.

6 O xacemento de Casas de Pa foi posible localizalo grazas a algúns membros da comunidade de montes, que tiveron a xentileza de nos achegar ao sitio; os xacementos da Bouza e do Tremo, grazas ás informacións aportadas por Guillermo Caxaraville. O Petróglifo de Penedo Redondo foi identificado por Noa Caramés, e dado a coñecer no libro de *Introdución á minería no Barbanza*. O Penedo do Demo foi localizado grazas ás xestións realizadas por José Manuel Abalo Hermo; A Canle do Raposiño e as mámoas 1 e 2 do Monte de San Ramón ou Pedra Furada foron identificadas por Alberte Piñeiro Bermúdez. A todos eles o noso máis sincero agradecemento pola súa labor desinteresada.

RELACI3N DE NOVOS XACEMENTOS NOS MONTE DE BEALO E MACENDA							
Nome do Xacemento	Adscripci3n cultural	Adscripci3n tipol3xica	XEOLOXALIZACI3N			Concello	Parroquia
			X	Y	Altitude		
Penedo Redondo	Idade do Bronce	Gravado ao ar libre	509577	4728512	227	Boiro	San Xo3n de Macenda
Achados cer3micos en Outero das Porras	Idade do Bronce	Achado	509339	4728446	274	Boiro	Santo Andr3 de Cures
Penedo do Demo	Medieval / Moderno	Gravado ao ar libre	509805	4728358	184	Boiro	San Xo3n de Macenda
M3moa do Confurco 2	Neol3tico	T3mulo	512446	4728414	64	Boiro	San Pedro de Bealo
M3moa do Confurco 3	Neol3tico	T3mulo	512256	4728577	75	Boiro	San Pedro de Bealo
M3moa do Confurco 4	Neol3tico	T3mulo	512275	4728554	75	Boiro	San Pedro de Bealo
Macenda 1 / Costa das Cabras	Indeterminado	Agregado	510049	4729971	185	Boiro	San Xo3n de Macenda
Macenda 2 / Costa das Cabras 2	Indeterminado	Agregado	510177	4729914	172	Boiro	San Xo3n de Macenda
Macenda 3 / Costa das Cabras 3	Indeterminado	Indeterminado	510256	4729748	152	Boiro	San Xo3n de Macenda
Macenda 4 / Costa das Cabras 4	Indeterminado	Agregado	510221	4729679	152	Boiro	Santo Xo3n de Macenda
Macenda 5 / Derriba da Igrexa	Indeterminado	Agregado	510241	4729459	145	Boiro	Santo Xo3n de Macenda
Coto do Espi3o	Idade do Ferro	Castro	509744	4730083	230	Lousame / Boiro	San Pedro de T3llara / San Xo3n de Macenda
Chan do Cerqueiro	Calcol3tico	Asentamento ao ar libre	509802	4729912	215	Boiro	San Xo3n de Macenda
Casas de Pa	Indeterminado	Agregado	508466	4730056	409	Boiro	San Xo3n de Macenda
Rego Orrial	Indeterminado	Agregado	512274	4729384	88	Boiro	San Pedro de Bealo
Bouza	Indeterminado	Agregado	510811	4729305	88	Boiro	San Pedro de Bealo
M3moas Monte das Porras 3	Neol3tico	T3mulo	509313	4728655	271	Boiro	San Xo3n de Macenda
M3moas Monte das Porras 2	Neol3tico	T3mulo	509337	4728464	278	Boiro	San Xo3n de Macenda
M3moa Monte Pe3n	Neol3tico	T3mulo	509468	4727963	288	Boiro	Santo Andr3 de Cures
Canle do Raposi3o	Indeterminado	Gravado ao ar libre	512878	4728657	93	Boiro	San Pedro de Bealo
M3moas Monte das Porras 1	Neol3tico	T3mulo	509338	4728444	277	Boiro	San Xo3n de Macenda
M3moa do Monte de San Ram3n / Pedra Furada 1	Neol3tico	T3mulo	512995	4728315	80	Boiro	San Pedro de Bealo
M3moa do Monte de San Ram3n / Pedra Furada 2	Neol3tico	T3mulo	513034	4728264	88	Boiro	San Pedro de Bealo

Mámoa do Monte de San Ramón / Pedra Furada 3	Neolítico	Túmulo	512981	4728231	89	Boiro	San Pedro de Bealo
Mámoa do Monte de San Ramón / Pedra Furada 4	Neolítico	Túmulo	512985	4728148	87	Boiro	San Pedro de Bealo
Mámoa do Monte de San Ramón / Pedra Furada 5	Neolítico	Túmulo	512946	4728026	85	Boiro	San Pedro de Bealo
Tremo	Indeterminado	Agregado	510278	4728647	98	Boiro	San Xoán de Macenda
Gatiñeira	Indeterminado	Agregado	510526	4729064	88	Boiro	San Xoán de Macenda
Petróglifo de Coto do Espiño 3	Indeterminado	Gravado ao ar libre	509710	4730025	229	Boiro	San Xoán de Macenda
Petróglifo de Coto do Espiño 2	Indeterminado	Gravado ao ar libre	509735	4730025	228	Boiro	San Xoán de Macenda
Petróglifo de Coto do Espiño 1	Indeterminado	Gravado ao ar libre	509752	4730012	227	Boiro	San Xoán de Macenda

Cabe facer unha serie de consideracións sobre algúns destes xacementos, a parte de Chan do Cerqueiro, ao que lle reservamos un apartado específico máis adiante. É salientable, por exemplo, o Penedo do Demo, un conxunto de gravuras das que se tiña coñecemento dende mediados da década de 1920, tralos traballos publicados por Bouza Brey e Cuevillas sobre o Barbanza, pero ilocalizable dende aquela. Outro xacemento de interese é Outeiro das Porras, onde se localizou unha concentración cerámica preto de dous pequenos túmulos, un dos cales aínda conserva parte da cámara á vista. Outro xacemento rechamante é Casas de Pa, emprazado a media ladeira a unha altitude de 409 m, no ascenso cara á Serra. Deste lugar existen referencias na memoria colectiva dos veciños de Moimenta, polo que chegamos a considerar que a súa orixe podería ser relativamente recente, pero tras consultar o Catastro do Marqués de Ensenada non se atopou referencia algunha, polo que seguramente xa estaba abandonado a mediados do século XVIII.

Centrándonos nos agregados, igual que na Serra, son construcións feitas coa técnica da pedra seca aínda que, neste caso, destaca o emprego do cachote sobre a lousa, seguramente, como consecuencia da maior facilidade de facerse co primeiro ao ser aquí a penedía de peor calidade que na zona alta. Outra pequena diferenza é que os agregados localizados en Macenda e Bealo son de menor superficie que a maioría dos serráns. Tamén é distinto o estado de conservación, peor que os da Serra, quizais debido á unha peor calidade na construción ou a un abandono máis prematuro. Esta mesma casuística tivemos ocasión de observala en Santa María de Estacas⁷ (termo municipal de Fornelos de Montes) onde, en dúas zonas moi próximas da Costa do Alén, se atopan conxuntos de restos similares aos barbanzáns; mentres nunha o estado de conservación

7 Grazas á información facilitada por José de la Riera Autrán e Feliciano, tesoureiro e presidente da Comunidade de Montes de Santa María de Estacas respectivamente, que nos brindaron a oportunidade de coñecer os restos conservados na súa comunidade.

é excepcional, observándose restos de chozos de falsa cúpula e de reducidas dimensións, na outra, a pesar de que se adiviña a mesma tipoloxía construtiva, tan só sobreviven os alicerces, con gran concentración de cachotes, consecuencia dos derrubes. Nesta segunda zona, presentan un estado de conservación similar ás localizadas na zonas altas do Barbanza.

Volvendo aos resultados da prospección dos montes de Macenda e Beluso, podemos concluír que os xacementos denominados Agregados ou Grupos non son exclusivos de altitudes superiores aos 400 m, senón que se atopan tamén máis abaixo, concretamente a cotas de 88 m, como é o caso do xacemento da Bouza⁸. Xa tiñamos comentado noutros traballos (BARBEITO *ET AL.*, 2015), que estes complexos arquitectónicos non se cinguían á Serra do Barbanza, pois tiñamos constancia da súa existencia noutros lugares como o Monte Pindo ou en Oia⁹, aínda que, sempre en altitudes superiores aos 350 -400 m. A presenza dos agregados a cotas inferiores en Barbanza, apoia a idea de que estes non teñen por que estar exclusivamente vinculados a fenómenos de pastoreo estacional ou de transterminancia.



Ilustracións 11, 12, 13. Zona de Costa do Alén: vista exterior (11) e interior (12) dun dos chozos mellor conservados; 13-vista dun dos chozos en ruínas.

- 8 Mesmo temos coñecemento doutro xacemento nun emprazamento cun nome moi intuitivo (Monte das Cabanas), na parroquia de Santa María de Leiro, nas inmediacións dunha necrópole composta por seis túmulos (máis un destruído).
- 9 Debemos agradecer a fantástica acollida de José Álvarez Alonso, o Buraco, máis de Cándido Verde Andrés que xunto coa compañeira Alia Vázquez Martínez guiáronnos na vista aos xacementos de Cortello do Porto, A Cerradiña, As Parideiras, Cabaniñas ou Cabanelas e Alto da Carboeira.



Ilustración 12



Ilustración 13



Ilustracións 14 e 15. Cortello do Porco e Alto da Carboeira.



Ilustracións 16 e 17. Monte das Cabanas en Rianxo.

1.3. Chan do Cerqueiro

Os traballos de prospección nos montes de Bealo e Macenda realizáronse maioritariamente na primavera de 2015, coincidindo cunha corta de madeira queimada. O lume afectou a unha superficie considerable dos montes en estudo, despezándoos de vexeta-

ción, o que propiciou as labores arqueolóxicas de supervisión e facilitou o recoñecemento de grandes superficies.

O tránsito de maquinaria forestal ocasionou que nalgunhas zonas xurdisen novos camiños e gabias que, unido a un período de choivas sobre un chan nu, sen vexetación que suxeitase os solos superficiais fixeron aflorar nunha pequena chaira (Chan do Cerqueiro) numerosos restos de cultura material. Esta chaira ocupa unha superficie de aproximadamente 2,2 hectáreas. Os restos de cultura material recuperados teñen un encadre cronolóxico en torno ao III milenio ANE, que culturalmente podería corresponderse cun Calcolítico pre-Campaniforme.

Este xacemento pertence administrativamente á parroquia de San Xoán de Macenda (concello de Boiro, A Coruña), preto do núcleo de Moimenta. Situado nunha pequena chaira ao sueste do xacemento castrexo de Coto do Espiño, ocupa unha plataforma sobreelevada, encaixada entre dous pasos naturais que atravesan a península da Barbanza en dirección NNL. que permiten o tránsito entre o sur e o norte desa comarca. Ámbolos dous pasos seguen a ser empregados actualmente como vías de comunicación por estradas provinciais (DP1105, Ponte Goiáns-Noia) e DP1104 (Bealo-Noia). Conta cun amplo dominio visual, concretamente cara as zonas de paso naturais e, dende este emprazamento divísase a parte máis setentrional da ría de Arousa. Nun dos extremos da plataforma, concretamente no sector sueste, apréciase unha posible estrutura de contención, que coincide co punto de ruptura desa superficie que podería ter unha función delimitadora, como se ten descrito para outros xacementos de cronoloxía parella (p.e. Sola ou San Lourenço, en FABREGAS *et al.*, 2012: 40).

As características deste tipo de asentamentos fan que non sexan moitos os localizados e, menos aínda, fóra dos seguimentos de grandes obras públicas (vías de alta capacidade, polígonos industriais, etc.). A falta de monumentalidade dos seus restos, ao tratarse orixinalmente de construcións edilicias en materiais lígneos, combinada cos procesos postdeposicionais (erosivos, de colmatación, ...) e da propia natureza edáfica dos solos da Galicia atlántica, explican a súa excepcionalidade. Na comarca da Barbanza son coñecidos de vello os xacementos de Cabeiro ou Punta Sendón, en Porto do Son e Ribeira (respectivamente) e, na vertente meridional da península, Ladeira do Chazo (Boiro) (CONCHEIRO *et al.*, 1994).

Para o caso do Barbanza, é preciso ter en consideración os traballos preliminares que trataron especificamente este tipo de xacementos, concretamente as investigacións levadas a cabo nos anos 90 do pasado século, exemplos dos cales son CONCHEIRO COELLO e GIL AGRA (1994), ou os realizados por CRIADO BOADO e VILLOCH VÁZQUEZ (1998) en relación ao fenómeno tumular que, colateralmente, tratan aspectos relacionados. Máis recentemente, unha publicación monográfica abordou esta cuestión, nunha obra dedicada á arte rupestre no norte do Barbanza (FÁBREGAS *et al.* 2012). A situación do xacemento de Chan do Cerqueiro parece indicar que encaixaría dentro dunha pauta de subsistencia diversificada, no marco dun proceso de intensificación que comeza posiblemente durante o IV Milenio, senón antes, que desembocará nun notable incremento da estabilidade e complexidade do fenómeno doméstico ao longo do III Milenio a.C. (FÁBREGAS *et al.* 2012: 39).




Ilustración 18. Situación dalgúns dos xacementos de adscrición calcolítica en Galicia.

O xacemento atópase nun punto estratéxico, non só polo control sobre dous pasos naturais entre norte e sur da península do Barbanza senón, porque o emprazamento elixido atópase a menos de 5 km da zona costeira actual e á mesma distancia do alto da Serra, o que abre a posibilidade de explotación de ambos ecosistemas sen necesidade de trasladar o asentamento, tendo en conta que non estamos a falar de sociedades plenamente sedentarias. É rechamante a gran cantidade de materiais recollidos durante a prospección arqueolóxica (máis de 1800 pezas), que talvez pertencen a conxuntos ergolóxicos distintos, non só calcolíticos senón tamén máis tardíos, encaixables na Idade do Bronce ou, mesmamente, en épocas históricas como testemuña algunha cerámica feita a torno. Ademais do sinalado, hai que destacar que nas inmediacións se atopan filóns de casiterita, aproveitados intensamente durante a primeira metade do século XX; neste senso, talvez sexa significativo o achado de 3 fragmentos de crisóis en Chan do Cerqueiro. A isto úneselle a existencia de espazos con aptitude agrolóxica diversa no contorno máis inmediato, que permiten unha explotación e aproveitamento de recursos variada, polo que, conflúen neste ámbito unha serie de factores que o fan idóneo para a ocupación humana.




Ilustración 19. Distribución dos restos de cultura material recuperados en Chan do Cerqueiro durante a prospección.



Ilustracións 20, 21, 22 e 23. Cerámicas decoradas recollidas en Chan do Cerqueiro durante os traballos de prospección.





Ilustracións 24 e 25. Algunhas das puntas de frecha recuperadas nos traballos de prospección de Chan do Cerqueiro.



Durante a prospección foron recuperados un conxunto de 1.832 ítems, dos cales 750 son cerámicas, 1.131 líticos e 1 metálico (ferro). A maior concentración de restos localízase na parte norte, central e oriental do xacemento. Os líticos recuperados foron clasificados como bases naturais e elementos manufacturados. A primeira das categorías –bases naturais (B/N)– se corresponde con soportes alleos ao contexto litolóxico no que se asenta o xacemento (soportes rolados ou dunha materia prima alóctona) pero que non amosan mostras evidentes de uso. No que respecta á materia prima da industria lítica, esta presenta unha gran variabilidade, coa presenza de xisto, cuarzo, cristais de rocha, ocre, lousa, cuarcita, materiais criptocristalinos do grupo sílex, conglomerados, granitos, feldspatos, pedras de gran e outros non identificados. Entre todos estes materiais, predomina o seixo, que representa máis do 60 % dos elementos, seguido do granito (9,22%), do cristal de rocha (7 %) e dos materiais criptocristalinos (6,21%), mentres que o resto das rochas non superan –en ningún dos casos– o 5%.

Atendendo á súa categorización, foron recollidos un total de 115 elementos que clasificamos como bases naturais, cuxa presenza no xacemento podería ter atendido ao seu uso como alisadores e/ou pulidores; tamén, semella que algunha das pezas puido servir como man de muíño ou percutor. É posible, que alǵn deles se trate de bloques de materia prima, destinados a ser sometidos a unha explotación que nunca chegou a producirse. Tamén foi recuperado un total formado por 53 seixos rolados, que presentan evidencias de lascado aínda que este conxunto est́ bastante fragmentado por procesos postdeposicionais, polo que esta cifra podería reducirse nun estudo máis detallado dos mesmos.

Ademais do seixos con marcas de talla, foron identificadas 62 pezas manufacturadas, 20 delas puídas ou con restos de abrasión, e 42 talladas. Entre as puídas e con evidencias de abrasión atópanse mans de muíño e pulidores/alisadores. Con respecto ás talladas, destaca a presenza de 10 puntas de frecha (de base cóncava na súa maioría), 12 raspadeiras e outras 17 pezas que foron clasificadas como raspadeiras atípicas. A materia prima empregada para a elaboración de artefactos mediante abrasión é maioritariamente o granito, seguido da *arenisca* mentres que o material preferente para o tallado é o cuarzo (67,79 %), seguido de rochas criptocristalinas semellantes ao sílex (18,60 %) aínda que tamén est́ presente o cristal de rocha, a lousa e a cuarcita.

Tamén foron recuperados un total de 441 ítems considerados restos de talla, 382 núcleos con algunha extracción e varios cantíños (5), que polas dimensións semella puidesen funcionar como pedras de funda.

En canto ás cerámicas, sinalar que do conxunto recuperado, 169 est́n decoradas, principalmente con motivos impresos e incisións. En canto a formas, foron identificados 62 bordes, dos cales 58 presentan decoración, no que se correspondería co colo da peza. Ademais, foron identificados 97 fragmentos de galbos ou corpos con algunha decoración. En total, un 22,53% das pezas cerámicas recuperadas son diagnósticas, ben por constituír formas, ou por presentar decoración.

Nun primeiro nivel de análise, os fragmentos recuperados pertencen principalmente a galbos de cacharros lisos, nunha proporción moi elevada. Moito menos frecuente, dáse a aparición de fragmentos pertencentes a cacharros que posúen decoración. En termos xerais, existen distintos tipos de producións, pero como o material aínda est́ en fase de estudio, imos centrarnos na caracterización tecnolóxica e formal de xeito preferente, fronte a outro tipo de consideracións cronolóxicas ou morfotipolóxicas, aspectos que precisan de avances no procesamento dos datos que nos ofrecen estes restos. Así, distinguimos por unha banda a cerámica lisa, que á súa vez podemos separar en 2 grandes grupos:

1. Cerámica lisa (A) de paredes grosas e cocción deficiente, predominantemente mixta e oxidante e en menor medida redutora: a elaboración destes cacharros é pouco coidada, caracterizándose a pasta por unha decantación deficiente, cunha abondosa presenza de desgrasantes graníticos de tamaño medio e grande, acompañada da alta friabilidade do material. En canto ó acabado, este case é inexistente: non hai trazas de tratamento exterior e, en canto ó interior, documéntanse restos de alisados bastos. A nivel morfolóxico, a maior parte parece corresponderse con cacharros de morfoloxías simples e perfís pechados (truncocónicos, cuncos, etc....). Neste grupo apenas se conservan fragmentos de colos ou bordes.

2. Cerámica lisa (B) de paredes mais finas e cocción mais coidada, maioritariamente oxidante e en menor medida reductora: a elaboración destes cacharros é máis coidada ca do grupo 1, con pastas máis compactas e desgrasantes de tamaño medio, con presenza de seixos e tamén moita mica. En canto ó acabado, o alisado é o tratamento preferente tanto no exterior como no interior. A nivel morfolóxico, a maior parte parece corresponderse con vasos de morfoloxías compostas e perfiles abertos (truncocónicos, cuncos, etc....). Neste grupo aparecen fragmentos pertencentes a colos ou bordes, así como, algunha carena.

Ademais desa cerámica lisa, aparece un elevado número de cerámicas decoradas, que supoñen un 22,53% dos rexistros. A cerámica decorada tamén presenta variados e ricos patróns, nos que a técnica predominante será a incisión, seguida da impresión ou a combinación de ambas. Os motivos localízanse no terzo superior da peza. Os fragmentos aparecidos pertencen a cacharros de distintos tamaños, formas, grosos e facturas, conformando un conxunto de material moi variado. A nivel xeral, a cerámica decorada pertence a contedores dun tamaño proporcionalmente menor cas vasillas lisas. A nivel tecnolóxico e por norma xeral tamén se trata de exemplares de mellor factura, e acabados máis coidados.

Os motivos que atopamos son a base de acanaladuras horizontais e verticais, ou a combinación de ambas; incisións verticais ou horizontais en forma de espiña de peixe; os motivos en forma de retícula; triángulos incisos recheos de impresións, e mesmo, unguilacións paralelas ou conformando espiñas de peixe. Na maior parte das cerámicas decoradas, o instrumento utilizado pode ser un punzón, posiblemente vexetal, escollido e posiblemente traballado para elaborar estas decoracións. A execución destas é moi variada: en xeral é bastante coidada e apenas se observan rebarbas nin superposición de liñas incisas. Temos que destacar tamén que, exceptuando casos moi puntuais, os motivos non se organizan en metopas. Tamén é necesario salienta a localización de 3 fragmentos de crisois cerámicos, e que algunha cerámica amosa evidencias de uso de torno.

Aínda que maioritariamente os restos, tanto cerámicos, como líticos, poñen de relevo que nos atopamos cun xacemento do III/II mil. a.C., con, posiblemente, varias reocupacións, tamén semella haber evidencias (mínimas) de cultura material pertencente á Idade do Ferro ou épocas históricas. Obviamente, todo o material recuperado é froito dunha prospección intensiva sobre os carreiros abertos pola maquinaria forestal, polo que os resultados están limitados espacialmente aos devanditos lugares, sen posibilidade de adscrición estratigráfica do material recuperado, pois este se atopa mesturado a causa deses traballos.

2. INTERVENCIÓN EN RÍO BARBANZA

O xacemento arqueolóxico de Río Barbanza (Agregado 6) foi intervido por primeira vez no ano 2013, cando se executou unha sondaxe de 7 x 7 m. Posteriormente, no ano 2014, realizáronse outras tres que afectaron a unha superficie de 37 metros cadrados, grazas

ás cales se detectou un palimpsesto estrutural e cronolóxico. Como resultado das análises radiométricas efectuadas, obtivéronse catro datacións. Dúas delas, datan eventos arqueolóxicos (BETA – 395978 e BETA -395979), e outras dúas (BETA-419212 e BETA-419213) proveñen de mostras extraídas do estudo dunha columna estratigráfica. Coa ampliación da escavación, a mostra BETA-419212 quedou contextualizada respecto da secuencia estratigráfica da intervención.

DATACIÓNS DISPONIBLES DE RÍO BARBANZA e PORTO TRAVESO					
Código	Xacemento	Contexto	Material	Datación BP	Cal. 2 σ (Probabilidade)
BETA-395978	Río Barbanza	Debaxo estrutura de combustión (UE021). Mostra da UE022	Carbón	2700 \pm 30	903-807 a.C. (1)
BETA-395979	Río Barbanza	Recheo interior de burato de poste (UE031)	Sedimento	2080 \pm 30	191 a.C. -38 d.C. (0.98)
BETA-419212	Río Barbanza	Columna edafolóxica (mostra 3)	Carbón	1210 \pm 30	708-745 d.C. (0.11) 764-891 d.C. (0.87)
BETA-419213	Río Barbanza	Columna edafolóxica (mostra 12)	Carbón	7760 \pm 30	6645-6506 a.C. (1)
BETA-402486	Porto Traveso	Concentración de carbóns / nivel de ocupación (UE005)	Carbón	1170 \pm 30	771-903 d.C. (0.84) 918-964 d.C. (0.15)

As datas foron calibradas mediante o programa CALIB, versión 7.1 (STUIVER AND REIMER, 1986-2016), recorrendo á curva de calibración IntCal13

A derradeira intervención executouse no ano 2016, e tiña como obxectivos definir en planta o conxunto de estruturas arquitectónicas relacionadas coa última fase de ocupación (Altomedieval), á vez que intentar detectar os niveis máis antigos. Tamén se realizou unha pequena sondaxe¹⁰, para realizar un novo estudo dunha columna estratigráfica. O conxunto de intervencións executadas abrangueu un total de 170 m², conformando un rectángulo de 25 m de longo por 7 m de ancho.



Ilustración 26. Río Barbanza: en punteado azul o espazo intervindo en 2016 e, en laranxa, as zonas intervindas en 2013 e 2014.

2.1. Os restos arquitectónicos

Os restos arquitectónicos exhumados amosan unha edificación de forma rectangular, orientada norte-sur, composta por 5 estancias acaroadas unhas ás outras, compartindo muros medianeiros e coas esquinas moi irregulares, que presentan certa tendencia ao redondeo. Só a Estancia 2 conservaba restos dun lousado de pedra. Foi posible identificar

10 De 2 x 2 m, situada a 19 m en dirección SSW do extremo SW da zona de intervención.

os accesos ás estancias 2, 3 e 5. Na Estancia 2 o acceso realízase polo lado leste da construción, coincidindo cunha gran lousa de granito colocada verticalmente¹¹, que funcionaría a modo de xamba; na Estancia 3 detectouse unha entrada ao norte, cun ancho de 90 cm, que se resolve mediante un reforzo no lado W cun pequeno muro de 1 x 1,4 m. Non é descartable que no flanco leste presentase outro acceso, pero o dato non é concluínte ao atoparse o paramento nun estado de conservación malo, que impediu confirmar este extremo durante os traballos de escavación arqueolóxica. E, na Estancia 5, cuxo acceso consideramos inicialmente que se realizaba polo extremo norte, finalmente resultou estar situado na interrupción do paramento leste, cunha abertura duns 95 cm. Todo apunta a que a Estancia 4 tamén tivese acceso polo leste, pero neste caso non están tan claras as súas características ao atoparse este paramento practicamente desaparecido.

Núm. Estancia	Dimensións das estancias		Área interior	Superficie construída
	Eixo interior N-S	Eixo interior L-W		
1 (extremo sur)	2,60 m	1,90 m	5,25 m ²	15,28 m ²
2	2,88 m	3,51 m	6,37 m ²	14,69 m ²
3	5,8 m	3,60 m	19,20 m ²	37,8 m ²
4	2,98 m	2,07 m	6,09 m ²	13,88 m ²
5 (extremo norte)	2,60 m	2,45 m	5,67 m ²	14,54 m ²
TOTAL			42,58 m ²	97,19 m ²





Ilustración 27. identificación das estancias.

11 Correspóndese coa UE011 da intervención do ano 2014, *Fase IV. Mantemento da ruta das mámoas. Boiro (A Coruña)*, que ademais presenta una pequena coviña preto da súa base.

2.2. As ocupacións

Os restos arquitectónicos descritos correspóndense coa última fase de ocupación que podemos fixar, grazas a unha datación radiométrica (Beta-419212), entre a segunda metade do século VIII d.C. e finais da centuria seguinte. Formando parte destes restos, concretamente incorporada a un dos paramentos da estancia 3, atopouse un ara que se conserva case enteira, da que logo trataremos máis en detalle. Estas construcións asentan sobre os restos doutras que se atopan nun estado de conservación moi fragmentario (UE´s 3008, 3009 e 3010) que poñen de relevo o palimpsesto estrutural que xa tiñamos constatado en intervencións anteriores. Consideramos que esta fase previa podería corresponderse cunha ocupación romana, tanto pola presenza dalgunha peza cerámica, como pola reutilización da ara formando parte do paramento da Estancia 3; pero ademais, as propias características das UE´s 3008, 3009 e 3010 compostas unicamente por cachotes, lévannos a pensar que as pedras de maior tamaño foron reempregadas para erguer os paramentos da última fase de ocupación mentres que as pedras de módulo máis cativo foron desprezadas para a nova construción. Ademais diso, unha das datacións obtidas, BETA-395979, amosa un rango cronolóxico de entre o s. II AC e mediados do s. I AC; polo que, encaixaría perfectamente co uso e amortización neste período romano.

Ilustración 28. Río Barbanza: delimitación das UE's 3008 (azul), 3009 (amarelo) e 3010 (verde).



A fase máis antiga remóntase á Idade do Bronce, concretamente ao século IX a.C. (BETA-395978), grazas a unha mostra obtida debaixo dunha estrutura de combustión. Desta ocupación prehistórica non foi posible identificar estruturas arquitectónicas se ben cabe sinalar a existencia de dous depósitos (UE's 4006 e 4008) localizados no sector sur da intervención: se trata de manchas que se diferencian do seu entorno inmediato polo grao de compactación e a tonalidade, que interpretamos como relitos de solos de frecuentación. Eses restos atópanse inmediatos á UE 022, datada no século IX a.C., e son equiparables topográfica e estratigraficamente.



Ilustracións 29 e 30. Vista e delimitación da UE4006.

CADRO RESUMO DAS PRINCIPAIS UNIDADES ESTRATIGRÁFICAS DA INTERVENCIÓN 2016 EN RÍO BARBANZA		
UE	Tipo	Interpretación
3000	Depósito	Manto vexetal
3001	Depósito	Derrubo da Estancia 3
3002	Estrutura	Estancia 3
3002_a	Estrutura	Estancia 4
3002_b	Estrutura	Estancia 5
3003	Depósito	Nivel ocupación/abandono Estancia 3
3004	Depósito	Depósito exterior da Estancia 3
3005	Depósito	Nivel de ocupación/abandono Estancia 4
3006	Depósito	Nivel de ocupación/abandono Estancia 5
3007	Depósito	Mancha negra sub-redondeada con gran cantidade de carbóns localizada no interior, extremo SW, da Estancia 3. Posibles restos de combustión
3008	Estrutura	Restos de antigos paramentos que se conservan debaixo e no interior da Estancia 3 – zona norte.
3009	Estrutura	Restos de antigos paramentos que se conservan no exterior das Estancias 3 e 4 relacionados coa UE3003, que se corresponden cunha fase construtiva anterior.
3010	Estrutura	Restos de antigos paramentos que se conservan debaixo e no interior da Estancia 3 – zona sur.
4000	Depósito	Manto vexetal
4001	Depósito	Derrubo da Estancia 1
4002	Estrutura	Estancia 1
4003	Depósito	Nivel de ocupación/abandono Estancia 1
4004	Depósito	Depósito exterior da Estancia 1
4005	Depósito	Nivel sobre o que se asenta a Estancia 1
4006	Depósito	Mancha debaixo da UE4005
4007	Depósito	Nivel debaixo da UE4005 e 4006
4008	Depósito	Pequenas manchas situadas no borde da zona de intervención, no sector SL
5000	Depósito	Horizonte A
5002	Depósito	Horizonte B
5003	Depósito	Coluvia
5004	Depósito	Depósito formación natural (arxilas)
5005	Depósito	Depósito formación natural (arxilas)
037	Corte	Burato de poste (zona sector central)
038	Depósito	Depósito de recheo do buraco de poste UE037

2.3. A cultura material

No que atinxe á cultura material, segue a tónica en xeral de campañas anteriores: foron recuperados un total de 263 anacos de cerámica, 12 elementos metálicos, 3 fragmentos de vidro e 727 elementos líticos.

A cerámica recuperada segue a tónica habitual (escasa, moi esnaquizada e nun estado de conservación paupérrimo) pero distínguense dous conxuntos: un, que semella corresponder a unha tradición oleira romana cunhas pastas relativamente coidadas; e outra, de clara tradición medieval, como a que xa se describiu en ocasións anteriores para Río Barbanza ou Porto Traveso (BARBEITO *et al.*, 2015).

A maioría da cerámica (81,61 %) non se pode atribuír a unha forma concreta; só 48 das pezas son identificables (18,39%), das cales 25 son fragmentos de bordes, 10 fondos, 11 colos, 1 fusaiola ou pondus e os restos dunha ola bastante completa, pero non o suficiente para poder reconstruír a súa forma con seguridade.

Os 12 elementos metálicos son todos feitos en ferro, agás un, que parece bronce; das pezas recuperadas, destacan 2 chatolas, análogas ás recuperadas en campañas precedentes, 5 láminas de ferro e unha posible fibela de cinto.

Os líticos recuperados ascenden a 726 efectivos, entre os que destacan varios elementos configurados: 2 raspadeiras, 2 afiadores, 2 pulidores, 1 pesa e 1 lámina tallada; ademais, como xa se sinalou, foi recuperada unha ara. Do conxunto total a técnica da talla representa o 53,33 %, e o puido o 46,66%. O 13,33 % está feito sobre lousa, o 60% en granito (mans de muíño, pesa, pío, ...), o 6,66% en material criptocristalino ou cristal de rocha e o 20 % en seixo (p.e. raspadeiras).

Ilustración 31. Táboas de cultura material.




Ilustración 32. fotos de pezas significativas: D-17/2588 (fusaiola ou pondus) e D-17/2732 (lámina).



Entre as bases naturais destacan algunhas pezas que puideron empregarse como pulidores (7), percutores (3), mans de muíño (8) e 1 posible bigornia. O 71,43% destas bases naturais son de granito, o 14,28 % en cuarcita, o 9,52 % en seixo e o 4,76 % en xisto.

Os restos de talla representan unha fracción importante (81,33 %), favorecida pola minuciosa escavación e polo labor de flotación á que foi sometido un volume importante dos sedimentos escavados. O 75,65% dos materiais recuperados son de seixo, o 14,92 % de lousa, o 3,47 % de material criptocristalino ou cristal de rocha, o 3,33 % de cuarcita, o 2,46 % de granito, e un 0,14 % doutros materiais.

2.4. A ara

Formando parte da estrutura 3002 (Estancia 3) atopouse unha ara ou altar labrada en granito, ao que lle falta a parte inferior. Na parte superior presenta unha moldura saínte polas catro caras coa que se separa do fuste do coroamento. Na cara superior, ostenta un *foculus abarquillado*, flanqueado por dous pulvinos sen decoración. A superficie frontal está moi desgastada, pero en orixe as catro caras estiveron alisadas. Este feito e a forma da moldura superior permiten adiantar que o altar foi exposto na antigüidade en posición exenta, visible mesmo por detrás e non arrimado a ningunha parede. As dimensións actuais son de (35) x 28 x 20 cm; o fuste, hoxe cortado, mide (26) x 26 x 20 cm. A altura das letras é de *circa* 4,5 cm. e non se aprecian restos de interpuncións.

O texto conserva tres liñas, das cales só é visible a forma completa da primeira, xa que das dúas seguintes só se poden ver as letras finais. Na primeira fila di claramente *NONIV*, mentres que a *S* final aparece ao comezo da segunda; nesta outra liña distínguense as tres letras finais que parecen ser *VLL*. Ao final da terceira parece haber unha *O*, precedida dunha *E* e con unha posible *R* diante dela. O texto hoxe visible di:

NONIU-
S[---]VLL
[---]REO

A estrutura do texto parece estar formada polo nome do dedicante seguido da divindade. Aínda que a identidade desta non se pode determinar debido ás lagoas do texto, o tipo de coroamento exclúe unha dedicación aos *Lares Viales*, pois neste caso debería contar con tres *foculi* aliñados na parte superior da peza, como é habitual na gran parte do *conventus Lucensis*. É evidente que a ara de Río Barbanza non pertence a esa categoría. Na terceira liña podería estar tanto o *cognomen* do dedicante como o teónimo. A terceira liña puido dedicarse incluso para o epíteto da divindade, é dicir *[---]reus*, que faría o dativo en *-o*, si o nome figuraba na liña anterior. O nome do dedicante merece un breve comentario, *Nonius* é un coñecido *nomen gentile* latino (SCHULZE, 1933: 229, 424) que encontramos en diversas inscricións de Hispania (ABASCAL, 1994: 189), normalmente como parte da *tria nomina*. Non obstante, hai que recordar que tamén aparece como nome único nunha placa marmórea do teatro de Mérida (*HAE* 1846) e, sobre todo, que se coñece en posición de *cognomen* nunha inscrición perdida de Cáceres con epitafio de *M. Iunius Nonius* (*CIL* II 707). Dado que no altar de Río Barbanza non apare-

ce o *praenomen*, é moi probable que o dedicante teña como nome único *Nonius*, en cuxo caso se podería deducir –aínda que coas lóxicas reservas– que se trata dun personaxe de condición peregrina e que, a divindade citada no texto pertenceu ao panteón indíxena.

Nin a paleografía nin a forma do altar permiten unha datación precisa aínda que, o hábito epigráfico sobre este tipo de monumentos no noroeste peninsular suxire que foi tallado entre os séculos I e III.

A aparición da ara de Río Barbanza é análoga, polo seu emprazamento serrán, á localizada no Monte Dordo en Porto do Son en 1987 (PEREIRA, 1991).

En xeral, o estado de conservación da ara non é bo; e concretamente, o campo epigráfico está moi erosionado resultando moi difícil a súa lectura; porén, levouse a cabo un traballo de documentación mediante o emprego da fotogrametría por *Structure From Motion* (SFM) (Plets *et al.*, 2012). Para elo, cunha cámara fotográfica tomáronse un total de 35 fotografías da inscrición, as cales foron procesadas co programa *Agisoft Photoscan* para obter o modelo 3D. Este modelo foi tratado mediante o software *Xshade* (Rusinkiewicz *et al.*, 2006; CARRERO-PAZOS *et al.*, 2018), co fin de acentuar as concavidades e convexidades da superficie, conseguindo mellorar a lectura da superficie deteriorada.



Ilustración 33. imaxe frontal da ara.




Ilustración 34. Modelo fotogramétrico da ara tratado mediante Xshade.

3. INTERVENCIÓN EN OUTEIRO DA TORRE

No ano 2015¹², simultánea coa intervención de Porto Traveso, realizouse unha intervención no xacemento denominado Alto do Canle da Porteliña ou Outeiro da Torre. Este xacemento presenta unha serie de particularidades que se afastan das características típicas dos xacementos que definimos como AGREGADOS; máis concretamente, do seu patrón de emprazamento, xa que, todos eles están situados ao carón de cursos de auga.

12 No ano 2014 fora obxecto dunha limpeza de vexetación nun espazo de 5 x 3 m.



Ilustración 35. imaxe da Alto do Canle da Porteliña / Outeiro da Torre coa ría de Arousa ao fondo.

Na contorna inmediata de Outeiro da Torre non existe manancial ou rego de ningún tipo; sen embargo, a súa situación non pasa desapercibida; xa que, está colocado no borde da penechira serrá, no punto de inflexión a partir do cal comezan as ladeiras da serra cara o val, cun amplísimo dominio visual sobre a ría de Arousa. Estruturalmente tamén semellaba distinto, xa que, unicamente afloraba unha construción; aínda que, esta presentaba certa similitude coas rexistradas no caso dos AGREGADOS, ao estar feita a base de cachote e lousa, coa técnica da pedra seca.



Ilustración 36. imaxe aérea da Alto do Canle da Porteliña / Outeiro da Torre antes da escavación.

O emprazamento, en certa medida é antagónico, pero á vez complementario doutro xacemento, Penas de Calo I (Agregado 24)¹³; antagónico, porque se empraza no lado oposto da serra do Barbanza, concretamente na vertente oeste e complementario, posto que se ten un dominio visual de toda a entrada da ría de Muros-Noia, existindo á vez intervisibilidade entre ambos xacementos. Con todo, o gran dominio visual de ambos xacementos non se repite cara o interior da serra, no que quedan grandes baleiros sen control visual, o que nos induce a pensar que podería formar parte dunha estrutura de vixilancia da costa, o que tampouco impide que servisen ao tempo como lugares de aviso cara o interior da serra mediante o lanzamento de sinais de lume, luz ou son.




Ilustración 37. Intervisibilidade entre os xacementos de Penas de Calo I e Outeiro da Torre.

A intervención arqueolóxica puxo ao descuberto unha construción de forma redondeada, cun diámetro aproximado de 11,5 m; ocupa unha superficie de 84,61 m², feita a base de acumulación de cachote e lousas depositadas de maneira anárquica, aproveitando o espazo existente entre distintos penedos para construír unha pequena plataforma. Algunhas destas lousas, na parte superior, estaban dispostas de maneira vertical ou con certa inclinación, o que nos levou a pensar inicialmente na posibilidade de atoparnos ante paramentos construídos de xeito semellante aos dos Agregados.

A escavación centrouse en retirar a vexetación que cubría a estrutura sen apenas remoción do sedimento, ao ser este practicamente inexistente. Logo de definir a estrutura en planta, e ante a imposibilidade de diferenciar o que era estrutura do que puidera ser

¹³ Penas de Calo I presenta as características típicas dos Agregados, pero como quedou dito, o seu emprazamento é singular, o que non obsta para que funcionase á vez como establecemento vinculado ao pastoreo e máis en funcións de vixilancia e control.

derrube, procedeuse a facer unha sección no cuarteirón noroeste, para chegar á base da mesma, confirmando que estaba feita mediante acumulación de pedras para conseguir unha pequena plataforma. Os restos materiais recuperados foron unicamente 3 líticos, aos que non podemos atribuírlle unha orixe antrópica clara.

Ilustración 38. Vista cenital de Outeiro da Torre escavado.



Durante a intervención, decatámonos da existencia dos restos dun paramento no flanco oeste, apenas apartado uns 10 metros da estrutura, que presenta unha disposición lineal (dirección SL-NW), e cunha fábrica ciclópea (bloques de granito), de 1 m de ancho e unha altura de 1,20 m no treito mellor conservado. A súa funcionalidade podería estar relacionada coa protección da construción de Outeiro da Torre, non dende unha perspectiva poliorcética, senón como cortalumes, evitando a propagación destes, empregados a modo de comunicación para a emisión de sinais por medio de lume ou fume.

Ilustración 39. Imaxe da muralla / peche de Outeiro da Torre.



4. ESTUDO DOCUMENTAL

Paralelamente ao desenvolvemento dos traballos arqueolóxicos, realizouse un estudo sobre a documentación histórica, que puidese aportar información de interese sobre aspectos relacionados coa explotación gandeira da Serra do Barbanza, para o cal se procedeu a revisar catro tipos de fontes documentais:

1. **Expedientes xudiciais**, procedentes do fondo da Real Audiencia de Galicia e Audiencia Territorial, custodiada no Arquivo do Reino de Galicia (ARG) en A Coruña e, tamén, os expedientes xudiciais nos fondos de “clero” do Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS). Esta información é portadora en ocasión de información sobre aspectos como as reivindicacións de lugares (por parte de particulares, institucións eclesiásticas o familias nobres), de rendas impagadas, apeos, conflitos de lindes entre veciños, problemas co gando (para aproveitamento de pastos, esquilmos, leñas, etc.), asuntos relacionados con vínculos e morgados, aproveitamento de augas, composición de camiños, etc.
2. **Protocolos notariais** de Noia e Padrón: é unha documentación na que se pode atopar gran cantidade de contratos ou documentos realizados ante notario, como escrituras de compra-venda de todo tipo de xénero, escrituras de arrendamento, aforamentos, cartas de pago, cartas de obriga, testamentos, escrituras de dote para casamentos, recontos de bens de defuntos, espontáneas, contratos de sacadas (relacionados co mar), contratos de fretes, avinzas en torno a todo tipo de problemas, cartas de poder e procuración, etc.
3. **Documentación producida por diversas institucións eclesiásticas** e depositada nos arquivos en función do proceso desamortizador do século XIX (mosteiros, cabido de Santiago e Mitra compostelá). No caso que nos ocupa, eran fundamentais de partida os documentos dos mosteiros de Toxos Outos, Sobrado dos Monxes (do cal dependía o primeiro), San Martiño Pinario, Santo Antón da Pobra do Deán e San Francisco de Noia. As tipoloxías documentais consultadas son moi amplas: cartas de aforamento, arrendamentos, apeos (numerosos), copias de preitos, relacións de bens, compra-vendas, etc.
4. O **Catastro do Marqués de la Ensenada**, realizado entre 1752 e 1753 na zona que nos ocupa. Revisáronse os Interrogatorios das freguesías do Barbanza que máis interesan, ademais dos Libros Reais de Legos das parroquias nas que se conservan (moi poucas en relación ao total).

Como resultado destas consultas obtívose algunha información de interese, como por exemplo, un preito de 1777¹⁴ custodiado no Arquivo do Reino de Galicia, no que se constata o emprego dos montes altos para o apacentamento e acorralamento do gando cabrío, recolléndose textualmente: <<<...*el ganado cabruno al monte alto aprisionado*

14 Signatura: ARG, RAG, Leg. 21.995 / 29.

y con pastor, sin permitirles lo traygan al vecindario entre viñedos y sembrados.>>>. No preito, baseándose nos códigos de xustiza vixentes, ordénase que o gando cabrío sexa levado aos montes altos e “acorrallado” alí, con presenza de pastor, para evitar os danos que estes animais poidan facer nas terras dedicadas á viña, labradío ou mesmo sobre árbores froiteiras.

De xeito similar, pero para mediados do século XVIII, o Catastro do Marqués de Ensenada volve sinalar a existencia de cabana gandeira no monte, constatando que algunhas parroquias como Obre, Argalo, San Pedro de Boa, Miñortos, Goián teñen eguas que pastan no monte de Barbanza; outras, como Queiruga, Baroña, Nebra, Ribasieira, Noal ou Cures, ademais de eguas, tamén teñen vacas.

Nos protocolos notariais dos séculos XVI e ata mediados do XVII relacionados con testamentos, partillas de bens e recontos de bens de defuntos, atopáronse numerosas referencias á existencia dunha ampla e diversa cabana gandeira nos montes, como son: vacas de monte, vacas “pequenas” de monte, becerros, eguas, “poldros” e “poldras”, bestas “mulares”, cabras, cabritos, ovellas e roxelos, entre outros.

O gando equino e vacún acada maior protagonismo nas fontes escritas, seguramente debido a que posuían máis valor, en detrimento do ganado menor, que non o sendo en termos pecuniarios, aparece infrarrepresentado na documentación histórica (PÉREZ, 2004: 52-59).

A documentación citada encádrase cronoloxicamente na Idade Moderna, pero existe documentación máis antiga, de finais do século XII e principios do XIII, na que xa hai constancia da existencia de gando no monte do Barbanza e outros (PÉREZ, 2004).

5. CONCLUSIONES

A gran cantidade de xacementos localizados indica que unha das principais actividades rexistradas na serra do Barbanza é a gandería e que, esta actividade tivo unha dilatada pervivencia, que podemos rastrexar cando menos dende o Bronce Final, rexistrando novos episodios en momentos da Idade do Ferro, mundo romano e Altomedieval, que as fontes documentais consultadas estenden ata finais do século XVIII.

Este aproveitamento serrán seguramente é consonte coa explotación estival das brañas de altura, como sucede noutras latitudes do norte peninsular (LÓPEZ GÓMEZ *et al.*, 2016; GASSIOT *et al.*, 2014; MÚJICA-ALUSTIZA *et al.*, 2013) que, lamentablemente, non teñen recibido ata agora unha atención suficiente por parte da arqueoloxía galega. Este novo rexistro arqueolóxico presenta un enorme potencial informativo, tanto para a comprensión duns modos de vida particulares, como son aqueles vinculados coas explotacións gandeiras e pastorís, como para achegar novos datos para aqueles períodos históricos nos que existe un déficit importante de informacións histórico-arqueolóxicas para o noroeste, nomeadamente para un novo tipo de xacementos que se afastan dos estándares clásicos coñecidos e investigados e que semellan estar presentes non só en localizacións serráns senón tamén por cotas inferiores, nalgúns casos a escasos metros do nivel do mar (p.e. Monte das Cabanas en Rianxo).

Outra das particularidades destes xacementos é que o seu emprazamento está vinculado coa existencia de cursos de auga e coa existencia dunha orografía “amable”; ámbalas dúas características son practicamente constantes ao longo do tempo, determinando así que estas ocupacións estacionais se produzan nas mesmas zonas, en distintos períodos, dando lugar a reocupacións de espazos e reutilizacións de materiais construtivos e consecuentemente esvaéndose as fases máis antigas, como acontece no xacemento de Río Barbanza respecto da ocupación prehistórica. Unido a ilo, a propia natureza do solo (horizontes A) e a escasa transformación do mesmo, xunto coa cativa representatividade numérica e formal dos restos de cultura material e a marcada sinxeleza das súas formas construtivas, obrigan a desenvolver intervencións arqueolóxicas moi minuciosas e a completalas con estudos analíticos, principalmente, orientados á obtención de información cronolóxica ou paleoambiental.

Dende un punto de vista arquitectónico, demos os primeiros pasos para a caracterización destes espazos, ao ter identificado estancias completas, coas súas dimensións, accesos, morfoloxías e posibles usos, ou cando menos, identificar aqueles sectores que consideramos máis aptos para o asentamento humano pola presenza de lousados, situación que se repite tanto no xacemento de Río Barbanza coma en Porto Traveso, xa publicado (BARBEITO *et al.* 2015).

Doutra banda, puidemos identificar outra ocupación (Outeiro da Torre) que diverxe do patrón de emprazamento típico dos asentamentos gandeiros, pois presenta unha localización singular que o relaciona directamente con outro, que semella responder a unha dobre finalidade (gandeira e de vixilancia) como é o de Penas de Calo I. Entre ambos, manteñen unha perfecta relación de inter-visibilidade, aínda que o campo visual dende Penas de Calo é moi limitado; esta limitación física minimizouse coa construción artificial dunha pequena plataforma feita por acumulación de pedra e cachote, que garante esa interconexión visual entre ambos xacementos. O seu contexto hai que polo en relación, non só coa importancia económica dos espazos gandeiros da Serra, senón tamén coa necesidade de control territorial principalmente orientado á vixilancia da costa pola inseguridade que se viviu en certos momentos.

E, fóra xa das áreas serráns, a identificación dun asentamento coma o de Chan do Cerqueiro, cuxos materiais encádranno con claridade no Calcolítico rexional bota luz sobre unha etapa na que a ocupación do Barbanza e, particularmente, das terras baixas adquire unha maior intensidade e importancia económica, circunstancia que se ben algúns achados previos semellaban apuntar, agora ven de confirmarse de cheo, a xulgar pola variedade e cantidade da cultura material recollida nese lugar.

BIBLIOGRAFÍA

- ABASCAL PALAZÓN, J.M. 1994. *Los nombres personales en las inscripciones latinas de Hispania*, Murcia – Madrid.
- BARBEITO POSE, V. J.; FÁBREGAS VALCARCE, R.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C.; BLANCO CHAO, R.; COSTA-CASAS, M.; MARTÍN SEIJO, M.; PAZ CAMAÑO, A.; FARIÑA COSTA, A.; GORGOSO LÓPEZ, L. 2015. “Ocupacións domésticas na Serra do Barbanza: Resultados preliminares”, *Gallaecia*, 34, 125-158.

- CARRERO-PAZOS, M.; VILAS-ESTÉVEZ, B.; VÁZQUEZ-MARTÍNEZ, A. 2018. “Digital imaging techniques for recording and analysing prehistoric rock art panels in Galicia (NW Iberia)”, *Digital Applications in Archaeology and Cultural Heritage*, 8, 35-45. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.dach.2017.11.003>
- CONCHEIRO COELLO, A.; GIL AGRA, M. D. 1994. “Una nueva zona de arte rupestre al aire libre en el NW: La península de Barbanza”, *Espacio, Tiempo y Forma*, 7, 129-151.
- CRiado BOADO, F.; VILLOCH VÁZQUEZ, V. 1998. “La monumentalización del paisaje: percepción actual y sentido original en el megalitismo de la Sierra del Barbanza (Galicia)”, *Trabajos de Prehistoria*, 55.1: 63-80. DOI: <https://doi.org/10.3989/tp.1998.v55.i1.317>
- FÁBREGAS VALCARCE, R.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C. 2012. *A Arte rupestre no norte do Barbanza*. Santiago.
- GASSIOT BALLBÈ, E.; CLEMENTE COMTE, I.; GARCÍA CASAS, D.; MAZZUCCO, N.; OBEA GÓMEZ, L.; RODRÍGUEZ ANTÓN, D. 2014. “El pasado olvidado de la alta montaña: ocupaciones prehistóricas en el Parque Nacional de Aigüestortes i Estany de SantMaurici y sus implicaciones para la prehistoria de los Pirineos”. En I. Clemente Comte; E. Gassiot Ballbè; J. Rey Lanasa (eds.), *Sobrarbe antes de Sobrarbe. Pinceladas de historia de los Pirineos*. Boltaña, pp. 153-175.
- LÓPEZ OTERO, M^a. L.; CAMPANA GALLO, M.A. 2008. *Introducción á minería no Barbanza*. A Coruña.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F.; BOUZA BREY, F. 1928. *Prehistoria e floklora da Barbanza*, NÓS, *Publicacións galegas e Imprenta*, A Coruña.
- LÓPEZ GÓMEZ, P.; GONZÁLEZ ÁLVAREZ, D.; FERNÁNDEZ MIER, M. 2016. “Los espacios ganaderos de alta montaña en la Cordillera Cantábrica: su registro arqueológico”. En A. MALPICA CUELLO, G. GARCÍA CONTRERAS RUIZ (Eds), *El registro arqueológico y la arqueología medieval*. Granada: pp. 409-434.
- MUJICA -ALUSTIZA, J.A.; AGUIRRE -GARCÍA, J.; EDESO -FITO, J. M.; LOPETEGI -GALARRAGA, A.; PÉREZ -DÍAZ, S.; RUIZ -ALONSO, M.; TARRIÑO -VINAGRE, A.; YUSTA -ARNAL, I. 2013. “La continuidad de la actividad pastoril durante la época romana en la zona de Argarbi (Sierra de Aralar –Gipuzkoa)”, *Kobie*, 32, 217-258.
- PEREIRA MENAUT, G. 1991. *Corpus de inscripciones romanas de Galicia*. Santiago
- PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J. (2004). Os documentos do tomo de Toxos Outos. Santiago
- PLETS, G.; VERHOEVEN, G.; CHEREMISIN, D.; PLETS, R.; BOURGEOIS, J.; STICHELBAUT, B.; GHEYLE, W.; DE REU, J. (2012): “The Deteriorating Preservation of the Altai Rock Art: Assessing Three Dimensional Image-Based Modelling in Rock Art Research and Management”, *Rock Art Research*, 29 (2), 139-156.
- RUSINKIEWICZ, S.; BURNS, M.; DECARLO, D. (2006). “Exaggerated Shading for Depicting Shape and Detail”, *ACM Transactions on Graphics*, 25(3), 1199-1205. DOI: <https://doi.org/10.1145/1141911.1142015>
- SCHULZE, W. 1904. *Zur Geschichte lateinischer Eigennamen*. Berlin.